


ENTÓN EMPEZARON A CARGAR AS PROVISIÓNS PARA A GRAN TRAVESÍA.



... VINTE E TRES PORCOS,  
DEZ SACOS DE FARINA...


O 3 DE AGOSTO DE 1492, COLÓN SAÍU DESDE O PORTO DE PALOS DE LA FRONTERA CON TRES CARABELAS, A PINTA, A NIÑA E A SANTA MARÍA, COMANDADAS POR EL MESMO E POLOS IRMÁNS PINZÓN.



O 12 DE AGOSTO CHEGOU ÁS ILLAS CANARIAS, ONDE SE APROVISIONARÍA E CAMBIARÍA AS VELAS POR OUTRAS MAIORES, PARA GAÑAR VELOCIDADE.



TAMÉN PINTARÍA SOBRE ELAS UNHA GRAN CRUZ VERMELLA PARA QUE FOSE VISIBLE DESDE LONXE.



CASE UN MES MÁIS TARDE PARTIRÍA, Á FIN, PARA INICIAR A SÚA TRAVESÍA ATLÁNTICA.

NA SÚA RUTA ENCONTRÁRONSE NAVEGANDO NUN MAR VERDE, CHEO DE ALGAS, COMO UNHA PRADARÍA DE HERBA, O QUE CON GRANDE ALEGRÍA INTERPRETARON ERRONEAMENTE COMO SINAIS DE TERRA.

